

**RESOLUCIÓN DA VICERREITORÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE POLA QUE SE ADXUDICAN AS AXUDAS DA CONVOCATORIA DE BOLSAS 2024/25 PARA ESTUDANTES CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS ASOCIADAS Á DISCAPACIDADE**

Vista a Resolución Reitoral do 11 de abril de 2025 pola que se convocan bolsas para o estudantado con necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade no curso 2024/25 (Taboleiro Electrónico Oficial da UDC do 14 de abril de 2025), e logo do proceso de revisión das xustificacións presentadas polas persoas beneficiarias conforme ao artigo 12 da convocatoria, esta Vicerreitoría.

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar as axudas segundo se detalla a continuación:

NIF	Importe solicitado	Importe adxudicado
***4486**	1.484,90 €	- €
***7366**	1.534,12 €	1.000,00 €
***8399**	1.261,29 €	- €

Segundo. No caso das solicitudes con NIF ***4486** e ***8399**, os gastos presentados na fase de xustificación foron revisados pola Comisión de Avaliación, considerando que non se axustan á finalidade establecida no artigo 1 da convocatoria, onde se indica que estas bolsas están orientadas a apoiar o estudantado con necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade, de maneira que poidan cubrir os gastos que lles dificultan o estudo e que lles supoñen obstáculos para desenvolver e aproveitar a súa actividade académica. Así pois, os gastos que non garden relación directa con esta finalidade poden ser excluídos, tal como se recolle tamén na listaxe definitiva publicada o 3 de xullo de 2025.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. De maneira opcional, poderá interpoñerse recurso de reposición ante a reitora ou reitor no prazo de un mes, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos contarán desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Asinado dixitalmente

Cristina López Villar

Vicerreitora de Igualdade e Diversidade